

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO SEGUNDA ACTIVIDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO

O Pleno do Concello de Rianxo, en sesión ordinaria do día 30 de marzo de 2023 acordou a aprobación inicial do REGULAMENTO SEGUNDA ACTIVIDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO.

Transcorridos os prazos de exposición pública sen presentarse alegación algunha, enténdese definitivamente aprobado o Regulamento segunda actividade do persoal ao servizo do Concello de Rianxo, cuxo contido se transcribe a continuación.

REGULAMENTO DE SEGUNDA ACTIVIDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO

Artigo 1. Obxecto

O presente Regulamento ten por obxecto a regulación dos supostos, procedemento e efectos do acceso do persoal municipal á situación de segunda actividade, definida nos termos do exposto no artigo 3, en desenvolvemento do previsto, para este efecto, no Convenio Colectivo do persoal laboral municipal e no Acordo Regulador das condicións do persoal funcionario municipal, respectivamente.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O previsto neste Regulamento resultará aplicable ao conxunto do persoal funcionario e laboral municipal (persoal de oficios, persoal que desenvolva funcións que requiran esforzo físico, limpadores/as, persoal de obras, axuda no fogar, etc.) e consecuentemente, á totalidade dos expedientes de acceso e adscrición á segunda actividade que, con arranxo ao previsto no presente regulamento, se poidan tramitar.

Deste ámbito de aplicación queda excluído o persoal funcionario integrante do Corpo da Policía Local, que estará ao disposto, ao respecto, pola súa normativa específica (Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, e nas restantes previsións normativas aplicables ao respecto en cada momento).

Todo o anterior, sen prexuízo daquelas outras excepcións ou limitacións que, segundo o caso, e con xustificación obxectiva e normativa, poidan proceder.

Artigo 3. Segunda actividade

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 540.000 exp. 2021/G013/000003

A segunda actividade ten por obxecto garantir unha adecuada e permanente aptitude psicofísica do persoal municipal en tanto permaneza en servizo activo no Concello de Rianxo, coa adecuación necesaria, para tal efecto, da súa actividade laboral e funcional ordinaria. E farase efectiva a través da adscrición do persoal municipal ao que se lle teña recoñecido este dereito, por ter cumprido as condicións e procedemento e esixidos a tal efecto (segundo o disposto nos artigos 4 e 7), aos postos de segunda actividade previstos na RPT ou instrumento organizativo equivalente; ou excepcionalmente, e nos supostos e termos sinalados no artigo 4.2, mediante a adscrición a funcións de segunda actividade.

Para poder solicitar un posto de segunda actividade será requisito indispensable estar na situación de servizo activo durante os últimos tres anos e que previamente ocupe ou se atope adscrito ou desempeñando un posto contemplado na RPT municipal ou instrumento organizativo equivalente ou, no seu caso, nunha situación legal que obrigue á creación do posto correspondente, previa solicitude das persoas interesadas e a tramitación e resolución do expediente correspondente, con arranxo ao procedemento sinalado no artigo 7.

Unicamente procederá o acceso á segunda actividade do persoal municipal en situación de servizo activo que previamente ocupe ou se atope adscrito ou desempeñando un posto contemplado na RPT municipal ou instrumento organizativo equivalente ou, no seu caso, en situación legal que obrigue á creación do posto correspondente; previa solicitude das persoas interesada e a tramitación e resolución do expediente correspondente, con arranxo ao procedemento sinalado no artigo 7.

Artigo 4. Supostos de adscrición a postos ou funcións de segunda actividade

O persoal municipal afectado polo presente Regulamento poderá pasar á segunda actividade, con destino e adscrición o postos ou funcións acordes a esta, por:

Diminución das condicións psicofísicas necesarias para o desempeño do seu posto de traballo

Así, adscribirase a postos ou funcións de segunda actividade aquel persoal municipal que así o solicite e que, nos termos do previsto no artigo 7.1, teña acreditada unha diminución das aptitudes físicas, psíquicas ou sensoriais necesarias para o desempeño ordinario, e sen restricións, das funcións ou tarefas propias ou habituais do seu posto, praza ou condición profesional, e sempre que non constitúan causa de incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez. De forma expresa recoñécese este dereito ao persoal afectado por un grao de incapacidade permanente parcial e total.

E todo isto con arranxo ao procedemento, requisitos e particularidades sinalados, a tal efecto, no artigo 7, así como as excepcións e os efectos igualmente previstos ao longo do presente Regulamento.

Situacións durante o embarazo e a lactación

Cando non resultase posible a adaptación das condicións ou do tempo de traballo prevista, en

relación coa protección da maternidade, no artigo 26.1 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, ou a pesar de tal adaptación, as condicións do posto ou das funcións habituais puidesen seguir influíndo negativamente na saúde da empregada embarazada ou en período lactación ou do feto ou fillo/a, as afectadas terán dereito ao pase á segunda actividade prevista, para tal efecto, no presente Regulamento. Así, adscribiranse a postos ou funcións de segunda actividade as empregadas en situación de embarazo e lactación que, cumprindo co trámite e requisitos previos sinalados no parágrafo anterior, así o soliciten, e teñan acreditado, ademais, nos termos do previsto no artigo 7.2, que as condicións ou funcións propias ou habituais do seu posto, praza ou condición profesional non resulten adecuadas á dita situación, o que pode influír negativamente nela, no seu estado de saúde ou no do feto ou fillo/a. Todo isto con arranxo ao procedemento, requisitos e particularidades sinalados, para tal efecto, no artigo 7, así como as excepcións e os efectos igualmente previstos ao longo do presente Regulamento.

Todo o anterior debe entenderse sen prexuízo do dereito das empregadas afectadas á licenza por risco no embarazo ou durante o período de lactación, no caso de que finalmente, o dito cambio de posto ou funcións, nos termos anteditos, non resultase técnica ou obxectivamente posible, ou non puidese razoablemente esixirse por motivos xustificados. Todo isto, nos termos e cos efectos fixados polas previsións normativas aplicables, para tal efecto, ao persoal municipal.

Razón de idade

Poderase adscribir a postos ou funcións de segunda actividade o persoal funcionario e laboral, nos termos previstos no artigo 7.3, que, con 60 ou máis anos de idade, desenvolvan traballos que requiran determinadas condicións físicas ou realicen traballos que esixa esforzo físico (persoal de limpeza, obras, oficios, axuda no fogar, monitores/as deportivos, socorrismo, extinción de incendios...).

Situación transitoria do pase á segunda actividade

Alternativamente, o persoal municipal afectado polo presente Regulamento poderá adscribirse a funcións de segunda actividade cando, téndoselle recoñecido o seu pase a esta situación pola concorrencia das causas sinaladas no artigo anterior, non existisen vacantes entre os postos de segunda actividade previstos na RPT ou instrumento organizativo equivalente. Esta adscripción funcional realizarase, en todo caso, atendendo ás particulares limitacións, condicións e aptitudes psicofísicas que a motivasen, así como á súa capacitación profesional, formativa e legal e/ou ás necesidades dos servizos, e continuará até que se produza a adscripción a un dos postos de segunda actividade previstos na RPT, por existir vacantes ou ampliación destes, ou até a desaparición, no seu caso, das circunstancias que a motivasen, e sempre que antes non se producise a xubilación do persoal implicado ou o seu pase a calquera outra situación que non sexa a de servizo activo

Artigo 5. Duración e efectos da segunda actividade

O persoal que pase á segunda actividade permanecerá nesta situación até o pase á xubilación ou

calquera outra situación que non sexa a de servizo activo, ou até a desaparición, no seu caso, das circunstancias que a tiveran motivado. Neste último caso, o persoal terá a obriga de comunicalo á Administración, xunto coa solicitude para a súa reincorporación á actividade normal, o cal se deberá realizar no prazo máximo dun mes contado desde o día seguinte á finalización das circunstancias que motivaran o pase á segunda actividade. O incumprimento desta obriga determinará a declaración do persoal afectado en situación de excedencia por interese particular, nos termos e co alcance e efectos previstos para o persoal funcionario municipal.

A Administración, no prazo máximo dun mes desde a presentación da dita solicitude, estará obrigada a darlle resposta, con asignación de novo destino, con arranxo aos criterios sinalados a continuación.

A reincorporación á actividade normal realizarase coa adscrición ao posto de orixe, respecto do que existiría dereito de reserva, no caso de que estivese ocupado con carácter definitivo. Nos restantes casos estarase ao disposto para os supostos de reingreso ao servizo activo do persoal sen reserva de posto de traballo, con garantía, en todo caso, dunha adscrición provisional. Todo isto, con arranxo ás garantías, efectos, obrigas e nas restantes previsións contempladas, para tal efecto, pola normativa que en cada momento lle resulte aplicable ao persoal funcionario municipal.

O pase á segunda actividade non implicará a perda da praza ocupada, e conservarse en todo momento, a condición adquirida con ela e o ingreso na Administración municipal, así como os dereitos, obrigas e condicións esenciais de traballo inherentes, sempre e cando non contraveñan os motivos ou as situacións que orixinaron a situación de segunda actividade.

O pase á segunda actividade non implicará ningunha diminución das retribucións básicas e complementarias fixas e periódicas que se viñesen percibindo con anterioridade.

No caso de que as retribucións básicas e complementarias fixas e periódicas do posto de segunda actividade fosen superiores ás do posto orixinal, aplicaráselle á persoa que accede a este novo posto as retribucións propias deste posto.

Artigo 6. Postos e funcións de segunda actividade

O recoñecemento e declaración do pase á segunda actividade, por térense cumprido coas condicións e procedemento esixidos a tal efecto (segundo o disposto nos artigos 4 e 7), farase con indicación de destino e, polo tanto, dos postos ou funcións (véxase artigo 4.2) de segunda actividade aos que se adscribirá.

Así, a segunda actividade farase efectiva a través da adscrición do persoal municipal afectado aos postos de segunda actividade previstos, a tal efecto, na RPT municipal ou instrumento organizativo equivalente; ou excepcionalmente, e nos supostos e termos sinalados no artigo 4.2, mediante a adscrición a funcións de segunda actividade. En todo caso, esta adscrición deberá respectar, en ambos os supostos, as particulares limitacións e condicións ou aptitudes

psicofísicas do persoal afectado e que tivesen motivado o seu pase á segunda actividade e adecuarse, ademais, á súa capacitación profesional, formativa e legal.

Os postos de segunda actividade previstos na RPT aparecerán nela especificamente identificados, con indicación da súa reserva para persoal nesta situación. Deberá tamén indicarse, para cada un deles, cando menos, a denominación (co código no seu caso asignado) e as súas funcións, así como o perfil profesional, formativo, ou aquel outro requisito necesario para o seu desempeño e a súa reserva, de ser o caso, para persoal funcionario. De non especificarse ningún dos contidos anteditos, entenderase que ao posto se poderá adscribir calquera persoal municipal ao que se lle teña recoñecida a segunda actividade, sen ningún outro requisito, e sen prexuízo das accións de formación continua nas que, unha vez adscrito, e de ser preciso, deba ou poida participar (nos termos do disposto no artigo 10).

En todo caso, as previsións e definición dos postos de segunda actividade poderán ser obxecto de adecuación, segundo as necesidades, e con arranxo ao mesmo procedemento aplicable para a modificación da RPT ou instrumento organizativo equivalente no que se conteñan.

A adscrición concreta a un dos postos de segunda actividade previstos realizarase atendendo ás preferencias do persoal interesado, sempre que se adecúe ás particulares condicións ou aptitudes psicofísicas que tivesen motivado o seu pase á segunda actividade, así como á súa capacitación profesional, formativa ou legal. E isto sen prexuízo de que, por motivadas necesidades dos servizos, debidamente acreditadas pola Alcaldía ou a concellaría correspondente por razón de servizo, se puidese adscribir a outro dos postos de segunda actividade vacantes. No caso de que coincidan no tempo dous ou máis pases á segunda actividade con idénticas preferencias de adscrición a postos, a adscrición resultante resolverase con arranxo aos seguintes criterios de prioridade:

O persoal cuxo pase á segunda actividade se derive de situacións de risco durante o embarazo ou a lactación.

O persoal cuxo pase á segunda actividade se derive da diminución das condicións psicofísicas necesarias para o desempeño do seu posto de traballo e acredite, ademais, certificación legal de discapacidade que non sexa causa de incapacidade permanente absoluta.

O persoal cuxo pase á segunda actividade se derive da diminución das condicións psicofísicas necesarias para o desempeño do seu posto de traballo e teña, ademais, 60 ou máis anos.

O restante persoal cuxo pase á segunda actividade se derive da diminución das condicións psicofísicas necesarias para o desempeño do seu posto de traballo.

O persoal cuxo pase á segunda actividade sexa por razón de idade, segundo o previsto no artigo 4.1.c e acredite, ademais, certificación legal de discapacidade que non sexa causa de incapacidade permanente.

O restante persoal cuxo pase á segunda actividade sexa por razón de idade, segundo o previsto

no artigo 4.1.c.

Artigo 7. Procedemento

O procedemento para o pase á segunda actividade iniciárase, con carácter xeral, a instancia do persoal municipal interesado, mediante solicitude a tal efecto que deberá acompañase da documentación e/ou informes médicos que fundamenten e xustifiquen a súa petición, sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, por requirimento ou a instancia dos servizos de prevención municipais, a Inspección de Traballo ou aquela outra entidade pública e/ou con competencias na materia, proceda que por parte da Administración municipal se inicie o dito procedemento.

Por diminución das condicións psicofísicas necesarias para o desempeño do posto de traballo

O procedemento que se seguirá será, segundo o suposto que conorra, o sinalado a continuación, con carácter xeral:

Solicitude realizada polo persoal interesado, que deberá acompañarse de informes médicos que acrediten a particular condición/limitación psicofísica alegada para xustificar o seu pase á segunda actividade, xunto con calquera outra documentación, que a tal efecto, se estime conveniente.

A solicitude debe indicar por orde de preferencia, os postos de segunda actividade previstos na RPT aos que solicita ser adscrito.

O persoal que solicite a tramitación do pase a segunda actividade terá que xustificar ao tempo da solicitude, mediante certificado médico, que non está incapacitado para prestar os servizos propios do posto ao que queren optar.

A avaliación da diminución deberá ser ditaminada polos servizos médicos municipais ou, en caso de non existir estes, por facultativos designados polo Concello.

O informe emitido polos facultativos designados para os efectos deberá pronunciarse favorablemente ou desfavorablemente de xeito motivado sobre a segunda actividade solicitada. Este informe debe pronunciarse sobre a existencia ou non de diminución de aptitudes físicas, psíquicas ou sensoriais e se a citada diminución de aptitudes se prevé, ou non, con carácter permanente.

Previa comunicación e autorización por parte da Comisión Paritaria referida no artigo 9, poderase solicitar, con carácter non vinculante, información e asesoramento por parte de especialistas, ou a realización de probas, exploracións ou recoñecementos que se consideren necesarios para avaliar a aptitude psicofísica do persoal solicitante e, en último termo, a adecuada resolución da solicitude realizada.

Os informes emitidos, de ser favorables, tamén deben pronunciarse sobre a procedencia da adscrición aos postos de segunda actividade concretamente solicitados ou se, pola contra,

procedería a adscrición a outro dos dispoñibles e vacantes na RPT.

A Comisión Paritaria, á vista do actuado, deberá ditaminar favorable ou desfavorablemente a solicitude de segunda actividade. En todo caso, e agás causas debida e obxectivamente motivadas, deben pronunciarse no mesmo sentido que os informes médicos previos.

O ditame emitido pola Comisión Paritaria será dirixido á Alcaldía ou ao órgano competente por delegación que, con base neste, deberá resolver favorable ou desfavorablemente a solicitude de segunda actividade. En todo caso, e agás causas debida e obxectivamente motivadas, deberase pronunciar no mesmo sentido do previamente ditaminado pola Comisión Paritaria. I) En caso de resolución favorable, esta farase con indicación de destino e, polo tanto, dos postos ou funcións de segunda actividade aos que se adscribirá o persoal solicitante. En todo caso, ante a inexistencia de postos vacantes na RPT e nos que, consecuentemente, se puidese recorrer como consecuencia da adscrición a funcións de segunda actividade, atenderase ao establecido no artigo 4.2) deste Regulamento.

n) A resolución pola que se recoñeza e declare o pase á segunda actividade poderá ser revisada de oficio, ou por solicitude da persoa interesada.

m) Cando no informe e nos ditames previos se indique que se prevé a recuperación das diminucións/condicións psicofísicas que motivaron o dito pase á segunda actividade, isto deberase recoller na resolución final da Alcaldía ou do órgano competente por delegación. Neste caso, o Concello deberá iniciar de oficio a súa revisión, no prazo máximo dun mes contado desde a finalización do prazo de recuperación previsto.

o) O procedemento para a revisión será o mesmo previsto, nos apartados anteriores, para o recoñecemento inicial do pase á segunda actividade; aínda que o informe, ditame e resolución final se limitarán a clarificar e determinar se se produciu ou non, a recuperación das diminucións/condicións físicas ou psíquicas que anteriormente motivasen o pase á segunda actividade.

p) Se se ditaminase e resolvese a recuperación do persoal e a súa aptitude para o desempeño das funcións propias do seu posto de orixe, na propia resolución ditada ao respecto tamén se disporá a súa reincorporación á actividade normal, nos termos do disposto no artigo 5.

q) En caso contrario, desestimarase a revisión da declaración do pase á segunda actividade.

O prazo máximo de resolución do procedemento para o pase á segunda actividade será de catro meses, e o de revisión de tres meses, que se contarán desde a data da súa iniciación.

Contra a resolución poderanse interpoñer os recursos en vía administrativa eu contenciosa que legalmente procedan.

Por situacións de risco durante o embarazo e a lactación

O procedemento iniciárase a instancia da interesada.

O ditame médico necesario para o pase á segunda actividade por causa de embarazo, consistirá nun certificado médico oficial que acredite tal circunstancia.

As solicitudes deberanse resolver favorablemente, sen necesidade previa do informe dos servizos de prevención do Concello nin do ditame da Comisión Paritaria.

Así, a Alcaldía ou órgano competente por delegación deberá ditar resolución que recoñeza ou declare o pase á segunda actividade, con indicación de destino e, polo tanto, dos postos ou funcións da segunda actividade aos que se adscribirá o persoal solicitante.

No suposto excepcional de que, en atención aos riscos de saúde advertidos nos informes médicos achegados, non fose posible a adscrición a ningún dos postos de segunda actividade previstos, nin tampouco ás funcións de segunda actividade definidas no artigo 4.2, a empregada poderá ser destinada/adscrita a funcións non correspondentes ás propias da súa clasificación profesional, sempre que reúna a capacitación profesional, formativa e/ou legal necesaria.

A empregada embarazada permanecerá na segunda actividade até o momento en que remate o embarazo, sen prexuízo da licenza ou a incapacidade temporal que lle corresponda.

No suposto de lactación permanecerase na segunda actividade até o momento en que remate a lactación, sen prexuízo da licenza que corresponda.

O prazo máximo de resolución do procedemento para o pase á segunda actividade por causa de embarazo ou lactación será de dez días contados desde a data da súa iniciación.

Contra a resolución ditada poderanse interpoñer, no seu caso, os recursos en vía administrativa e/ou contenciosa que legalmente procedan.

Por razón de idade

Solicitud realizada polo persoal interesado que cumpra cos requisitos sinalados, a tal efecto, no artigo 4.1.c, que deberá acompañarse da documentación acreditativa do próximo cumprimento dos 60 anos de idade.

A solicitud debe indicar, por orde de preferencia, os postos de segunda actividade previstos na RPT aos que solicita ser adscrito.

En todo caso, a dita solicitud deberase presentar cunha antelación mínima de 3 meses ao respecto da data de cumprimento da dita idade.

A solicitud, xunto coa documentación achegada, deberase remitir á Secretaría municipal para que, con base nos datos facilitados polo servizo encargado da xestión ordinaria de RRHH, certifique que o persoal solicitante efectivamente se corresponde co que, segundo o especificado no artigo 4.1.c, podería solicitar a segunda actividade por razón de idade. As solicitudes presentadas e que cumpran cos requisitos sinalados no apartado anterior, agás no caso da excepcionalidade sinalada no último parágrafo deste artigo, deberanse resolver favorablemente,

sen necesidade previa de ditame da Comisión Paritaria.

En todo caso, ante a inexistencia de postos vacantes na RPT e nos que, consecuentemente, se puidese recorrer como consecuencia da adscrición a funcións de segunda actividade, atenderase ao establecido no artigo 4.2 deste Regulamento.

Así, a Alcaldía ou órgano competente por delegación deberá ditar resolución que recoñeza e declare o pase á segunda actividade, con indicación de destino e, polo tanto, dos postos ou funcións de segunda actividade aos que se adscribirá o persoal solicitante.

A resolución do procedemento para o pase á segunda actividade por razón de idade deberase producir, en todo caso, antes da data de cumprimento dos 60 anos de idade do persoal solicitante; sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira.

Contra a resolución poderanse interpoñer, no seu caso, os recursos en vía administrativa e/ou contenciosa que legalmente procedan.

No mes de decembro de cada ano, cando concorran necesidades obxectivas dos servizos afectados que así o motiven, segundo informe xustificativo emitido a tal efecto pola concellaría correspondente, e coa finalidade de optimizar, a tal obxecto, os recursos humanos existentes, o Concello, previo informe e tratamento no seo da Comisión Paritaria, poderá limitar para o seguinte ano o número de empregados/as municipais que, por sector, servizo ou praza/categoría poderán acceder á segunda actividade por razón de idade, e prorrogará a permanencia na actividade normal dos solicitantes que, na orde inversa á data en que cumpran a idade, excedan da limitación así fixada. Limitación que só terá alcance anual (por ano natural) e que, polo tanto, deberá ser ratificada ou revisada, no seu caso, ao longo do mes de decembro seguinte.

Artigo 8. Suspensión excepcional da segunda actividade

A Alcaldía ou o órgano municipal competente por delegación, poderá requirir o persoal municipal en segunda actividade para o cumprimento de funcións propias da súa actividade normal no posto de orixe, polo tempo mínimo necesario e ante a existencia de motivadas e excepcionais necesidades dos servizos, que se entende que concorrerán cando se cumpran cando menos e de forma complementaria, as seguintes circunstancias:

- a) que sexan imprevisibles e de cobertura urxente ou inaprazable.
- b) que sexan de tal magnitude que non se poidan resolver polos medios persoais dispoñibles no servizo afectado, nin por mor da celeridade requirida ou do tipo de funcións e tarefas que se han cubrir, acudindo a medios externos.

Tal requirimento realizaráselle ao persoal cuxa actividade normal ou posto de orixe se vincule aos servizos e funcións que se han cubrir, por orde inversa ao sistema de preferencia sinalado no artigo 6 e respectando, en todo caso, a especial protección que poida ser esixible nos supostos de segunda actividade derivados das situacións de embarazo e lactación.

Artigo 9. Órgano encargado da aplicación, seguimento e interpretación do previsto no presente Regulamento.

Coa finalidade de asumir o seguimento, interpretación e aplicación do previsto no presente Regulamento ao respecto da segunda actividade, articularase un órgano de participación paritaria por parte da representación da Administración e do persoal municipal. Este órgano de participación será a mesma Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador do persoal funcionario. No referente ao seu funcionamento e composición, esta Comisión adecuarase ás mesmas normas e criterios xerais aplicables á Mesa Xeral de Negociación do Concello, sen prexuízo das particularidades que, de ser o caso, e no momento da súa constitución, se poidan acordar.

No seo desta Comisión Paritaria serán obxecto de tratamento, á marxe do expresamente sinalado ao longo deste Regulamento, aqueloutras cuestións e materias derivadas das funcións xenéricas sinaladas no apartado anterior e calquera outra proposta que implique desenvolvemento ou modificación dos contidos do presente Regulamento. Asemade, tamén deberá reunirse cando así o requira calquera das partes.

En todo caso, calquera acordo adoptado por esta Comisión que poida implicar a modificación dos contidos do presente Regulamento, afectar á RPT municipal ou ao instrumento organizativo similar, ou a materias que, segundo a normativa aplicable, teñan que ser obxecto de negociación colectiva, deberá ser obxecto de posterior tratamento e ratificación, no seu caso, por parte da Mesa Xeral de Negociación do Concello.

Artigo 10. Formación necesaria para a segunda actividade

Co fin de garantir un desempeño eficaz dos postos e funcións de segunda actividade, o Concello facilitaralle ao persoal implicado a formación que se considere necesaria para á capacitación/adaptación profesional requirida a tal efecto. No caso das actividades formativas imprescindibles e/ou necesarias para o seu adecuado desempeño, a asistencia resultará obrigada e o tempo destinado terá a consideración de tempo efectivo de traballo, a todos os efectos.

Disposición adicional primeira

Á marxe do especificamente disposto no presente Regulamento, en todo o referente á provisión de postos de traballo, situacións administrativas e licenzas/permisos estarase ao disposto, a tal efecto, polas previsións normativas que resulten aplicables, en cada momento, ao persoal funcionario municipal; sen prexuízo das particularidades que, no seu caso, e por aplicación da súa normativa específica, poidan resultarlle aplicables ao persoal laboral municipal. E con respecto, en todo caso, das melloras derivadas deste Regulamento.

Disposición adicional segunda

Á marxe do especificamente disposto no presente Regulamento, en todo o referente á prevención de riscos laborais, seguridade e saúde do persoal municipal estarase ao disposto, a

tal efecto, polas previsións normativas que lle resulten aplicables en cada momento; e con respecto, en todo caso, das melloras derivadas deste Regulamento.

Disposición transitoria

En tanto non exista un documento que defina os postos de segunda actividade, RPT ou ferramenta similar, este regulamento poderase aplicar para, dentro das posibilidades do cadro de persoal vixente, e segundo as necesidades do Concello de Rianxo, procurar a cobertura de prazas vacantes ou postos de apoio adecuados (auxiliar administrativo, conserxería, atención ao público, etc.) ou ben a adaptación do posto de traballo actual ou das funcións realizadas, na liña do expresado no propio regulamento.

Disposición final

Unha vez aprobado o presente Regulamento, con arranxo ao procedemento fixado no artigo 49 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a súa entrada en vigor producirase nos termos do disposto, a tal efecto, no artigo 70.2 da citada Lei 7/1985 e polo tanto, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrese o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 deste mesmo texto legal. Permanecerá en vigor nos termos en que foi aprobado até a súa modificación ou derogación expresa.

Rianxo, 23 de xuño de 2023

O alcalde, Julian Bustelo Abuín